



UNHA CELEBRACIÓN HISTÓRICA

Non se pode entender a festa das Pepitas sen coñecer a historia de Ferrol: unha cidade creada artificialmente pola Coroa, que converteu un pobo de duascenas familias dedicado á pesca e a salgadura nunha urbe con máis de 40.000 persoas procedentes de toda España a finais do século XVIII. Nalgún momento do século XIX, a poboación ferrolá estaba formada por un 84% de homes e só un 16% de mulleres. Eles gozaban de asueto os domingos e o día de San Xosé, patrón dos carpinteiros e, por extensión, dos obreiros navais, porque os barcos facíanse de madeira. Unha poboación peculiar que atopou na música e o canto unha confluencia de intereses á marxe das súas culturas de orixe, pois a música é unha linguaxe universal. Esa é unha das razóns do acordo social e, en consecuencia, do nacemento da Festa das Pepitas en tascas, tabernas e barbarías.



PEPITAS

A grande festa ferrolá

Festa de Interese Turístico de Galicia

FERROL

FERROL

PEPITAS

A grande festa ferrolá

Festa de Interese Turístico de Galicia





A Noite das Pepitas é unha festa popular que se celebra no serán do 18 de marzo, véspera da festividade de San Xosé. Nela, as rondallas (agrupacións músico-vocais de instrumentos de corda, uniformadas ao estilo das tunas) percorren as rúas da cidade para cantarlle á muller ferrolá. É unha festa orixinal, pois non existe outra semellante en todo o mundo.

AS RONDALLAS

Nun principio a festa organizábase con agrupacións musicais temporais, que se constituían para o momento e despois desaparecían; pero desde os anos sesenta do



século pasado fóronse conformando rondallas permanentes, que actúan durante todo o ano ampliando o seu repertorio e reservan a canción ferrolá das Pepitas para as datas da celebración. Na actualidade existen en Ferrol seis rondallas. Por orde de antigüidade:

Añoranzas (1983), CMI-Club de Campo (1986), Bohemios (1988), Sonidos del Alba (1997), Só Elas (rondalla feminina, 2019) e O Son do Mar (2023). Hai outras agrupacións da comarca que participan na festa acudindo cada ano á nosa cidade, como Trovadores de Ares, Rondalla Mugardesa, Luceiro do Alba, de Neda; Rondalla de Cariño ou Rondalla de Cedeira. E outras de ferroláns residentes en Madrid, como foron Barlovento ou Virgen de Chamorro.

UNHA FESTA ANTIGA E PIONEIRA

É esta unha celebración festiva moi antiga, con orixe nos tempos do Romanticismo. Por iso as rondallas interpretan e cantan danzas, vales e pasarrúas, representando os ritmos máis actuais do seu tempo e volvendo revivir aqueles momentos. Cada ano a festa actualízase con novas cancións, que poetas e



músicos escriben para manter viva a tradición. A festa ten máis de 180 anos de antigüidade ao longo dos séculos XIX, XX e XXI. Hai constancia histórica da chegada das dúas primeiras cancións cubanas á nosa cidade nos barcos que ían e viñan de América desde

1840 (*Dolores, dame café* e *Te quiero mucho*) e de rondallas uniformadas desde 1886. Por iso é tamén unha festa pioneira da influencia da música caribeña (as habaneiras) no noso país, cincuenta anos antes de que se popularizasen no sur de España.